

EXPEDIENTE	2025070722
ASUNTO	MODIFICACIÓN DA RPT DE PERSOAL EVENTUAL
TRÁMITE	PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA

De conformidade co disposto nos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), **PROPONSE** ao Pleno da Corporación Provincial a aprobación da presente PROPOSICIÓN relativa á modificación da relación de postos de traballo de persoal eventual, pola transformación dun posto e asesor/a de prensa nun posto de director/a de acción municipal e investimentos:

O número, características e retribucións do persoal eventual determinouse polo Pleno da Corporación Provincial ao comezo do mandato, non obstante pódese modificar con motivo da aprobación dos orzamentos anuais e das súas modificacións, en base ao previsto no artigo 176 do Real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e artigo 104 e 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Por tal motivo, co fin de reforzar e dar maior apoio á área de goberno responsable das liñas de actuación de acción municipal e investimentos, sométese ao Pleno da Corporación Provincial a modificación da RPT de persoal eventual para transformar un posto de traballo de asesor de prensa, de confianza e asesoramento especial, nun posto de director/a de acción municipal e investimentos, o que conleva un incremento da dotación económica prevista no anterior posto, quedando tal e como se detalla a continuación:

Posto que se amortiza

Custo total por 6 meses	Retribución anual	Retribucións 6 meses	Seg. social 6 meses	Total 6 meses 2026
1 Asesor/a de prensa	48.467,17 €	24.233,59 €	7.701,44 €	31.935,02 €

Posto de nova creación

Custo total por 6 meses	Retribución anual	Retribucións 6 meses	Seg. social 6 meses	Total 6 meses 2026
1 Director/a de acción municipal e investimentos	65.699,95 €	32.849,98 €	10.439,72 €	43.289,70 €

Custo total por 6 meses	Retribución	Retribucións 6 meses	Seg. social 6 meses	Total 6 meses 2026
Diferenzas	17.232,78 €	8.616,39 €	2.738,29 €	11.354,68 €



O incremento do custo salarial total para este ano 2026, por seis meses, ascende a 8.616,39 € en concepto de retribucións, e 2.738,29 € en concepto de seguridade social, cantidades que se imputaran ás aplicacións orzamentarias 26/912.9120.110.01 e 26/912.9120.160.02.

Na resolución do nomeamento indícarase o contido das funcións, tarefas ou labores encomendadas, propios dos servizos xerais da Corporación Provincial para a súa posterior inclusión na relación de postos de traballo da Corporación, entendéndose por funcións de confianza ou asesoramento especial aquelas nas que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Asesoramento vinculado o desempeño e formulación de estratexias e propostas de actuación ou difusión no ámbito das competencias da autoridade que efectuou o nomeamento, o apoio que supoña unha colaboración de carácter reservado.
- b) Non estar reservadas a persoal funcionario.
- c) Especial dedicación e dispoñibilidade horaria.

Estas retribucións serán actualizadas en función do establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano.

Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 104 bis da LRBRL, e no portal de transparencia da Deputación en aplicación do artigo 8.1 f) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, así como os respectivos nomeamentos do persoal eventual.

O presidente da Deputación Provincial informará ó Pleno con carácter trimestral do número, características e retribucións do persoal eventual.

Asinado dixitalmente ao marxe

O presidente

